

# **Xunta e CIM Alto Minho comprométense a traballar na mellora das liñas de transporte transfronteirizas**

**As principais medidas serían a ampliación das liñas de autobuses comarcais e a coordinación de horarios e paradas**

O AECT Rio

Minho vén de manter unha reunión con representantes dos gobernos galego e portugués dentro da convocatoria de encontros impulsada pola iniciativa europea

B-Solutions, que ten por obxectivo superar os atrancos legais e administrativos

que afectan á mobilidade entre os dous países, na que tamén estivo presente a

experta xurídica asignada pola Comisión Europea, María Gamayo.

No encontro

participaron o director Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, Ignacio

Maestro; o subdirector Xeral de Ordenación do Transporte, Antón García Río; representantes

da CIM Alto Minho e da Autoridade de Mobilidade e Transporte de Portugal así

como o subdirector de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza, Xosé Lago

García e o coordinador de Cooperación do CCDR-N, Nuno Almeida.

O principal

acordo acadado na xuntanza foi o compromiso de traballar conxuntamente na extensión das liñas de transporte públicas procedentes de Vigo e Viana do

Castelo até concellos da fronteira como Valença e Vigo, respectivamente. Así

mesmo, tamén se viu a necesidade da coordinación de horarios e paradas entre os

concellos de Monçao e Salvaterra, Cerveira e Tomiño e Valença e Tui, de xeito

que unha liña que por exemplo chega a Monçao poida coordinarse cunha que saia dende Salvaterra.

O proxecto

Boosting Minho River Cross – Border Mobility, depende da convocatoria da

Comisión Europea B- Solutions, unha iniciativa destinada a solventar as

barreiras de carácter administrativo e legal que se verifican nas fronteiras en

áreas como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou cooperación

institucional, e está orientada principalmente a entidades públicas. O AECT Rio

Minho foi unha das 20 entidades europeas que recibiu esta subvención que consta

dun orzamento de 25.000 €.